

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinteseis de febreiro de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos membros que de feito e dereito compoñen a Corporación municipal, concelleiros: don Miguel Anxo Abreira Sobrado, don Antonio Cortizas Rodríguez, don Juan José Herva Mallo, don José María Laya Carril; dona María Rosario Manso López, don Antonio Medín Pena; don José Paz Tenreiro, don Manuel José Pérez Martínez; don Luis Purriños Pena; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Jesús Veiga Sabín e dona Eva María Vilariño González;

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

PROPOSTA DE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL.-

Aberta a sesión pola Presidencia, dáse lectura á seguinte proposta: "A teor do que dispón o art. 124 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ao Pleno do Concello a constitución dunha Comisión Informativa Especial, para que informe os proxectos de reordenación de accesos a Miño e grandes investimentos con esta denominación e composta por un membro de cada grupo municipal con representación na Corporación e voto ponderado, presididos pola concelleira dona María Rosario Manso López:

Comisión Informativa Especial:

De reordenación de accesos a Miño e grandes investimentos

Presidente: dona María Rosario Manso López

Vocais: un membro da CIM

Un membro do PP

Un membro do BNG

Un membro do PsdeG-PSOE

As decisións, informes, dictames ou propostas tomaranse con voto ponderado.

O voceiro do PP Sr. Veiga Sabín propón que haxa na Comisión dous membros do PP, dous da CIM e un por cada grupo político dos demais representados na Corporación, para que desta forma a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados no Concellos.

A Alcaldía-Presidencia manifesta que ao ser unha Comisión Informativa que non decidirá, debemos tentar que os dictames e propostas as subscribiran todos os grupos e facela operativa.

Despois da deliberación correspondente; o Pleno do Concello acorda por unanimidade a constitución da Comisión Informativa Especial para dictaminar sobre a reordenación dos accesos a Miño e grandes investimentos, coa denominación que se indica así como a súa composición e utilizando o voto ponderado.

Comisión Informativa Especial:
DE REORDENACIÓN DE ACCESOS A MIÑO E GRANDES INVERSIONES:
Presidente: dona María Rosario Manso López
Vocais: Dous membros da CIM
Dous membros do PP
Un membro do BNG
Un membro do PsdeG-PSOE.

Nas propostas, dictames e informes da Comisión utilizarase o voto ponderado.

Non sendo outro o obxecto da sesión, a Presidencia levanta esta ás vinte horas, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario